

Esta fin de semana, o Pazo da Cultura de Narón acolle a estrea absoluta do espectáculo *Manual de patronaxe*, de Teatro do Noroeste

O venres 5 e o sábado 6 de decembro, a compañía galega achega ao Pazo da Cultura de Narón a súa nova creación, con dirección de Clara Gayo sobre o texto de Nerea Brey, gañador do Premio Abrente de Textos Teatrais da MIT de Ribadavia en 2023

O espectáculo –unha oda ás coidadoras: ás nosas avoas– está protagonizado por Iolanda Muíños, Raquel Espada e Susana Sampedro, con produción executiva de Eva Alonso, escenografía e vestuario de Equipo Taetro e deseño de iluminación e proxeccións de César Seijas

A peza é unha reivindicación, en clave feminista, de todos eses momentos que, pasando desapercibidos, son, non obstante, as puntadas que conforman o bordado da nosa vida

As entradas para as funcións de *Manual de patronaxe* no Pazo da Cultura de Narón o venres 5 (20.30h) e o sábado 6 de decembro (20.00h) están dispoñibles na web <https://www.padroadodecultura.es/gl/espectaculos/evento/manual-de-patronaxe>



Susana Sampedro, Raquel Espada e Iolanda Muíños (de esquerda a dereita) protagonizan 'Manual de patronaxe', o novo espectáculo de Teatro do Noroeste © Chiripa / César Seijas



A Coruña, 3 de decembro de 2025.- Teatro do Noroeste desembarca en Narón esta fin de semana coa estrea absoluta do seu novo espectáculo, *Manual de patronaxe*. O venres 5 e o sábado 6 de decembro, a compañía galega achegará ao Pazo da Cultura a súa nova creación, con dirección de Clara Gayo, sobre o galardoado texto homónimo de Nerea Brey, gañador do Premio Abrente de Textos Teatrais da MIT de Ribadavia en 2023.

Manual de patronaxe é unha oda ás coidadoras: ás nosas avoas, que está protagonizada por Iolanda Muíños, Raquel Espada e Susana Sampedro, con produción executiva de Eva Alonso, escenografía e vestuario de Equipo Taetro e deseño de iluminación e proxeccións de César Seijas. A peza quere ser unha reivindicación, en clave feminista, de todos eses momentos que, pasando desapercibidos, son, non obstante, as puntadas que conforman o bordado da nosa vida.

As entradas para as funcións de *Manual de patronaxe* no Pazo da Cultura de Narón o venres 5 (20.30h) e o sábado 6 de decembro (20.00h) están dispoñibles na páxina web <https://www.padroadodecultura.es/gl/espectaculos/evento/manual-de-patronaxe>.

O proxecto, que representa a nova liña creativa de Teatro do Noroeste, é unha obra de autoficción na que a personaxe da 'escritora' busca descubrir a súa identidade como muller e como creadora nunha crise creativa. A través dos recordos do pasado de cando era 'nena', descobre que a súa 'avoa', que era modista, foi para ela un verdadeiro modelo feminista. *Manual de patronaxe* é unha peza aberta e flexible que abre un suxestivo diálogo interxeracional.

En palabras da produtora do espectáculo, Eva Alonso, *Manual de patronaxe* é "un proxecto que marca unha nova liña creativa en Teatro do Noroeste, aberta xa hai un par de anos, que supón o inicio do cambio xeracional da compañía. Así, en Teatro do Noroeste conviven agora os proxectos habituais con estes novos, nunha transición tranquila". Alonso apunta, tamén, que "eliximos o texto de Nerea Brey porque fala desde unha perspectiva feminista das coidadoras, en concreto, das avoas que, dalgún xeito, criáronnos a todas e todos. Fala do proceso de facerse adulta e reivindica os pequenos momentos e detalles que van tecendo as nosas vidas. Que o texto fora dunha autora contemporánea galega, nova, e que gañara o Premio Abrente da MIT de Ribadavia foron as guindas do pastel". Sobre a nova colaboración de Teatro do Noroeste coa directora Clara Gayo, quen xa dirixiu *As damas de Ferrol* para a compañía, a produtora confía no bo facer da directora e eloxia a súa mutua sintonía.

SOBRE A COMPAÑÍA

Teatro do Noroeste é unha compañía de teatro galega fundada en 1987. Na súa dilatada traxectoria de máis de 35 anos, ten producido e distribuído unha grande cantidade de espectáculos. Entre estas pezas se poden salientar desde textos clásicos, como *Rei Lear*, *Macbeth* ou *Noite de Reis*, de William Shakespeare, ou *As vodas de Fígaro*, de Caron de



Beaumarchais; até textos máis contemporáneos, como *Os Xustos*, de Albert Camús; ou de autores galegos, como *Historias Peregrinas* e *A grande noite de Fiz*, de Miguel Anxo Murado, e *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro, ou o musical *Imperial: Café cantante. Vigo 1936*, de Eduardo Alonso, entre moitos outros. Na súa última etapa, súmanse obras como *Último verán en Santa Cristina*, *As damas de Ferrol* ou *Guerra*, actualmente en xira por toda Galicia.

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira

Tel. 620 113 155

Mail: luisa@theofficeco.es

DESCARGA DO PRESS KIT DE 'MANUAL DE PATRONAXE'

<https://cutt.ly/PRESS-KIT-manual-de-patronaxe>

MÁIS INFORMACIÓN:

www.teatrodonoroeste.com

VENDA DE ENTRADAS:

<https://www.padroadodecultura.es/gl/espectaculos/evento/manual-de-patronaxe>